

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOKM	<i>Expediente</i> CON/72/2014	<i>Fecha</i> 13-03-15 10:44

Número 12 .- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación do contrato das obras de "Demolición da Casa da Xuventude" a CYS HISPANIA, S.L.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 13 de marzo de 2015 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 12 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE "DEMOLICIÓN DA CASA DA XUVENTUDE" A CYS HISPANIA, S.L.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta, de data 10 de febreiro de 2015, do director técnico de Desenvolvemento Urbano e Sostible, conformado coa mesma data pola Concelleira Delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible. Así mesmo, do informe nº 2015/131 de 10.3.15, da técnico de Intervención, conformado polo Interventor Xeral Municipal, no que se deixa constancia de que aplicación orzamentaria correcta é a 040.33600 60900.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

"EXPEDIENTE": .Demolición da Casa da Xuventude

ASUNTO: Adxudicación do contrato a CYS HISPANIA SL

ANTECEDENTES:

Primeiro: Con data 22-01-2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas e a do licitador CYS HISPANIA SL

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI0KM	<i>Expediente</i> CON/72/2014	<i>Fecha</i> 13-03-15 10:44

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución 26-01-2015 require a CYS HISPANIA SL para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Con data 09-02-2015 celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado na mesa de contratación de data 22-01-2015 procede realizar a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Adxudicar o contrato de referencia a favor de **CYS HISPANIA SL**, por un importe de 98.158,54 euros (IVE aparte 21%: 20.613,29 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 33601 60900**. "

Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de referencia a favor de **CYS HISPANIA SL**, por un importe de 98.158,54 euros (IVE aparte 21%: 20.613,29 euros), ao ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **040 33600 60900**.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Manuel Martínez Varela

CONCELLO DE SANTIAGO

2012